

I.E.S. ALEXANDRE
BOVEDA



O
BEBELLO
WALTON

Sumario

	Px.
Editorial	3
Primeiro ano no Instituto	4
Petróleo no Instituto	5



Confianza en si mesmo	6
Xoán	7
A tecelá	8
Bassi	9
Especismo	10
Unha historia de emigrantes	12
Carta de amor	14
A casa abandonada	15
Memorias do mar	16
Os nosos debuxantes	17
Banda deseñada	20
Os que se van	21
Nada é o que parece	22
O noso mundo e o Insti	24
Sabías que....?	26
Intertextualidade	27
Entrevista	28
Entroido	30
Galicia bilingüe	32
O club de lectura	34
Viaxe a París	36
Noticias da biblio	39
As nosas actividades	40
Letras galegas	42

EDITORIAL


Marcha Marisa, si, a *alma mater* desta revista xubíbase. Mira que lle insistín, Marisa, non te vaias, quédate con nós... pero non houbo maneira de convencela. É lóxico, por qué vai seguir aturándonos a todos nós cando pode pasear, descansar, xogar cos netos, mellorar o seu xa alto nivel de informática etc.?

De todas maneiras eu non tiro a toalla, todos os días lle repito a mesma súplica, non te vaias, quédate con nós...

E O Besbello? Qué vai ser desta revista sen Marisa? Non quero nin pensalo, especialmente porque as colaboracións (de profes e alumnos) son máis escasas cada ano, e sacar esta pequena publicación estase a converter en algo titánico.

Xa o sabedes, se queredes que O Besbello siga adiante tedes que colaborar, porque non sei o que vai pensar Marisa de nós se non somos quen de seguir.

ESTE BESBELLO 2007-08 VAI, COMO NON, DEDICADO A MARISA



NON TE ESQUEZAS DE VISITAR A PÁXINA WEB DO INSTI:
<http://centros.edu.xunta.es/iesalexandreboveda/>

Consello de redacción: Marisa Andrade e Luz Cao

Portada: Kevin Castiñeiras 1º ESO A

Contraportada: Iris Darriba

Ilustracións: Adrián Cuevas e Keltoi Conde

Banda deseñada: Minzhe Chen

Primeiro ano de instituto

O meu primeiro ano de instituto, pouco a pouco xa está rematando, pero as primeiras experiencias no Alexandre Bóveda non paran de ser preciosas, emocionantes e ata aventureiras.

Eu, antes de comezar a aventura do instituto, estaba preocupado, non quería vir só pensar que me ía separar dos meus amigos, cos que dende moi meniño compartín ilusións, risas e moitos momentos espectaculares, só quería ir con eles.

O s días previos ao comezo do instituto, coñecín a dous nenos, moi bos comigo e que me axudaron moitísimo, tanto a integrarme como a coñecer xente.

Ás poucas semanas do comezo empecei a coñecer a moita máis xente, que, pouco a pouco convertéronse nunhas persoas moi especiais para min; as súas axudas, os seus consellos, as súas grazas e os seus sentimentos cara min foron moi importantes para o meu benestar.

O instituto é moi diferente ao colexio, ten novas asignaturas, novos profesores, etc.. A verdade é que me adaptei moi ben e as clases e os profesores son moi bos.

Agora nel estou xenial, rodeado de grandes amigos e momentos.

Espero que o próximo ano, cando estea en segundo tamén sexa un ano perfecto.

Raúl Pérez Martín (1º ESO A)



O petróleo do instituto.

No IES Alexandre Bóveda estaban celebrando o entroido cando, de súpeto, empezou a tremor o chan. Todos preocupados colleron a súas cousas e saíron correndo do instituto. O chan deixou de tremor, todos os alumnos, profesores e demais tranquilizáronse e volveron entrar. De súpeto saíu un chafariz de petróleo a toda presión que sorprendeu a toda a xente que se atopaba por alí, mentres que o xefe de estudos, Paco, e o director comezaron a berrar:

- Somos ricos, temos petróleo, somos ricos, temos petróleo!!!

Os demais, sorprendidos, preguntáronse:

- Iso é verdade??? Seguro que é petróleo???

- Si, estamos segurísimos!!! - contestaron o xefe de estudos e o director, mentres todos celebraban a fortuna do instituto.

O maior empresario de Vigo non podía crer que tiña máis diñeiro un instituto. Debido a isto contratou a unha empresa para sacarlle o petróleo e quedarse con el. A cidade decatouse do delito que ía cometer, a policía enteírouse e arrestárono. O colexio foi rico e converteuse no mellor instituto daquela época.

Igor Irigoyen Pérez (1º ESO A)



A tecelá

Hai uns cen anos, nunha pequena vila chamada Nogueira de Ramuín (Ourense) había unha guapa tecelá que ía todas as tardes ao río lavar a roupa. Xustamente, un luns 27 de xuño, como facía moita calor, quíxose meter na auga; nadando encontrou unha moeda e dixo:

- Atopei unha moeda de ouro!

Mordeuna:

- E non é de plástico! É de verdade!

A rapaza toda contenta vestiuse rapidamente, foi cara a vila deixando a roupa que estaba a lavar. Dirixiuse cara unha tenda de mobles e comprou un tear (co que soñara dende nena) que traía moita la.

Na súa casa colocouno, e estaba tan ansiosa de probalo que non se puido controlar e empezou a tecer e tecer ata a media noite. Ás doce acordouse da roupa que deixara no río, foi correndo para aló e... xa non estaba a roupa!. Púxose triste e buscou, buscou, pero non a atopou.

Volveu para a casa triste e preocupada, porque entre a roupa estaba o vestido que lle dera a súa nai.

Ao día seguinte alguén petou na porta, ela foi correndo a abrir por se calquera persoa atopara a roupa. Dixo:

- Xa vou, xa vou.

Abriu a porta e era Roberta, a mellor amiga da tecelá, que lle traía o cesto coa roupa.

A tecelá díxose a si mesma que nunca ía perder a cabeza por unha moeda de ouro, primeiro ía acabar o que tiña por facer.

Ana González Martín (1º ESO A)

Confianza nun mesmo.

Cada día ao erguerme penso que sería de todos se non confiásemos en nós mesmos?

É unha dúbida que me gustaría non ter, preferiría que todos tivesen confianza e así poder facer outro tipo de texto: sobre animais; sobre os bosques de Galicia, tan bonitos nesta época, etc. Pero non, a xente non ten confianza e por iso vouvos contestar a esta pregunta que moitas veces nos facemos, pero poucos a contestamos.

Sería un mundo triste e aburrido, un mundo sen felicidade. Por iso dedícolle moito tempo a confiar en que podo facer todo o que me propoña se confío en min e lle poño empeño. Se confías podes facer calquera cousa, dende subir a túa nota das clases ata cambiar os teus hábitos. Todas as cousas do mundo precisan confianza e por iso fago este texto, para motivar á xente, para que confíen, para que consigan todo o que se propoñan.

Rebeca Durán Janeiro (1º ESO A)

París

París é unha cidade que asombra pola súa beleza e polos seus monumentos. Os seus edificios están feitos cun estilo antigo e os seus monumentos son pura arte: o Arc de Triomphe, a Madeleine, Notre-Dame, O Sacre-Coeur... e, por suposto, a Torre Eiffel cos seus 306 metros de altura, catro ascensores que soben ata a terceira planta e a súa iluminación pola noite.

O único regular é a comida, "Fast Food" e a comida típica de aquí, o que se serve en moitos dos restaurantes parisinos. As crêpes parécense ás filloas, por se alguén non o sabe, e polas rúas pequenas, refírome a anchura, hai pintores de retratos que fan moi ben o seu traballo. Isto é París.

Au revoir!!!

David Martínez Rial (1º ESO D)

Xoán

Xoán era un neno de dous anos cando se tivo que ir da súa vila natal, Lugo, a Vigo, polo traballo do seu pai.

Durante anos Xoán falou galego, tanto na escola coma na casa e nunca tivera ningún problema ata que cumpriu os doce anos... e foi ao instituto...

Xoán ía contento pensando en facer novos amigos e coa ilusión de aprender máis do que sabía. Pero o día das presentacións a Xoán tocoulle presentarse de primeiro e empezou: "Ola, Chámome Xoán, teño doce anos, veño do colexio..." E entón os risos dos compañeiros foron descomunais, tanto que os da outra clase foran ver o que pasaba e viron a Xoán de pé, incrédulo, sen saber por que se rían os nenos. O profesor que estaba alí mandou a Xoán sentar rapidamente na súa cadeira.

Ao saír de clase, Xoán, foi preguntar ao profesor por que se rían del así e o profesor contestoulle: "Porque hablas gallego y aquí está mal visto". Xoán quedou sorprendido porque toda a súa vida falara galego e non tivera ningún problema.

Ao ir andando para a casa, Xoán, cruzouse cun compañeiro que o empurra e lle di: "Mira por donde vas galeguiño de..." Xoán quedou atordado polas verbas do seu compañeiro e chegou doído á súa casa.

Ao cabo dun tempo chegou a súa nai de traballar e, como viu que o seu fillo non estaba comendo, chamou á porta da habitación, ao ver que o neno non lle contestaba abriu a porta e viu a Xoán tirado na cama e chorando. A nai preguntou: "Que che pasa?", el díxolle: "Nai, e que hoxe tiven un problema!... e que falo galego na escola..."

A súa nai díxolle que ía ir ao colexio a falar; pero el continuou falando en galego e, pouco a pouco, os compañeiros e profesores decatáronse de que Xoán, aínda que falara galego, era unha boa persoa que quería ter amigos e estar a gusto no instituto.

Antón Cabanelas Freijeiro (1º ESO D)

Bassi

É branco como o algodón,
ten o rabiño igual ca un pompón,
vai correndo coma un raio
e alégrame o corazón.

É o meu pequeno can:
rómpeme as zapatillas,
espértame polas mañás
salta coas súas patillas
e fai moito ruído no chan.

Noto a lingua na cariña
cando quere que esperte,
abro os ollos asombrada
e consegue o que quere.

Cando collo a correa,
move as orellas á présa,
move o rabo, move as patas
e encántalle a framboesa.

O meu can é moi bonito
e é o meu favorito.

Susana Bravo Ruíz (1º ESO E)

Especismo

Hoxe en día, a todos nós se nos intenta educar dende a igualdade. Todos somos conscientes de que calquera comportamento cunha base racista ou sexista debe ser erradicado, aínda que non alcancemos a velo en moitos casos. Sen embargo, existe un problema moito maior que nin sequera formulamos, unha marxinação, hoxe en día, moito máis dura e cruenta que a que poida sufrir calquera de nós, pois, a diferenza deles, posuímos unhas leis e dereitos básicos que nos amparan ou pretenden facelo.

Dende que nacemos, recibimos unha educación que nos ensina que os demais animais existen tan só para o noso propio beneficio. Sen darnos conta, somos cada un de nós os que a través dos nosos hábitos e condutas mantemos a explotación e maltrato dos animais. Tratámoslos con desprezo por teren unha aparencia tan distinta á nosa. Considerámoslos inferiores porque non poden entender todo o que nós entendemos, nin teñen todas as aspiracións que nós temos, porén, compartimos comportamentos que nos fan a todos dotados cunha mesma capacidade para sentir, como os desexos de alimento, auga, refuxio, compañía, liberdade de movementos ou ausencia de dor. Como nós, son conscientes da súa existencia, e son o centro psicolóxico dunha vida que é unicamente súa; como nós, naceron para ser libres, e non para vivir encerrados e torturados en granxas sen poder ver a luz do Sol. Polo tanto, nestes aspectos básicos, os humanos atópanse no mesmo nivel que as vacas, cans, porcos ou galiñas.

Como ocorre co racismo e o sexismo, o especismo é unha actitude a favor dos intereses do propio grupo (neste caso, da especie) e en contra dos intereses dos demais seres que non pertencen ao propio grupo, permitindo que intereses triviais da especie se antepoñan aos intereses superiores doutras especies.

Para os especistas, a primeira liña de defensa é a ignorancia. Non obstante, a ignorancia prevaleceu durante tanto tempo non porque sexa imposible saber o que está sucedendo nas empresas gandadeiras, laboratorios ou peleterías, senón máis ben porque desexamos seguir sendo ignorantes ante unha realidade que podería proporcionarnos culpabilidade, ao fin e ao cabo as vítimas que están sufrindo neses lugares non son membros do noso grupo.

Sexa cal sexa a natureza do ser, o principio natural esixe que o seu sufrimento sexa considerado igual ao sufrimento equivalente de calquera


outro ser. O escritor xudeo Isaac Bashevis Singer escribiu na súa obra *"Enemigos, una historia de amor"*:

"No seu comportamento para cos animais, todos os homes son nazis. A vanidade coa que o ser humano realiza a súa vontade cos animais é o vivo exemplo das teorías racistas máis radicais, o principio de que ter o poder é ter a razón."

Con varias das súas historias, nas que debuxa unha similitude entre a matanza de animais e a matanza de xudeus nas mans de nazis, defende a idea de que non se debe limitar a misericordia e a ética só cos seres humanos, xa que a xente non pode falar de paz coas súas bocas cheas das vítimas da violencia hacia os animais non humanos. Por desgraza para as vítimas deste holocausto colectivo, a matanza está lonxe de finalizar.

Polo tanto, fago un chamamento á conciencia colectiva, cultivando a empatía para lograr entre todos un mundo mellor e máis xusto no que todos teñamos dereito a unha vida digna en liberdade.

Cristina Martínez Alonso 3º B



Unha historia de emigrantes

Chámome Eddy , e son cubano.

Cando cumprín os catro anos , a miña nai marchou para España, en busca dun traballo e dun fogar, e a mín deixoume cos meus avós e mailos meus tíos.

Durante dous anos estiven sen vela, cousa que case non me afectou xa que era un neno pequeno , e como sabedes, os nenos son nenos. Ela chamábame cada semana, para contarme como estaba e todo iso, e eu non lle facía moito caso. Cada vez que chamaba poñíase a chorar pola tristeza de non estar alí comigo, eu non obstante, poñíame a dar brincos e non lle prestaba atención.

Eses dous anos estiven intercambiando lugares. Cada certo tempo ía visitar aos meus avós paternos e así foi durante dous anos, mentres a miña nai tramitaba e pagaba todo o papeleo para traerme aquí, a España.

Cando cumprín os seis anos, na mesma festa de cumpreanos, a avoa encargouse de dicirme que dentro duns meses íi estaría en España!!! .

Aínda así, a idea non me gustou tanto. Alí tiña todo o que eu quería, todos os meus amigos, a miña vida estaba alá, pero eu era un neno, e como xa sabedes, os nenos son nenos.

Pasados tres ou catro meses, fun á Habana, a capital de Cuba, para pasar alí os tres días que me quedaban en Cuba, os meus tres últimos días. Despois collín o avión. Ese día, non me acordo moi ben, só sei, que, a medida que ía pasando polo aeroporto cheguei a un sitio onde tiven que despedirme da miña avoa(materna), que foi a única que me acompañou para despedirse. O resto da familia estaba traballando, e xa me despedira deles.

Deille moitos bicos á miña avoa, ela estaba chorando, e eu tiña moito medo. O corazón latexábame con tanta forza que non sei como non se me saiu do sitio.

Unha azafata veume buscar, eu non me desprendía da miña avoa, e ela tampouco de mín, pero chegou o momento que ela me deu un bico máis, e eu, casi arrastrado, tiven que ir coa azafata. Ía subindo por unhas escaleiriñas que subían soas, algo que non vira na miña vida.


Cando montei no avión, vín á avoa que aínda se estaba despedindo de mín. O avión púxose en marcha.

Pouco a pouco vín Cuba desde o aire, esa imaxe, lastimosamente, borróuseme do cerebro. Lástima..... .

Estiven oito horas no avión. A maioría paseinas durmindo. Estaba ao coidado dunha azafata que se encargaba de min.

Cando cheguei, vín a miña nai chorando da emoción, e, varias horas máis tarde ao meu pai.

O resto, suponse.



Vigo, 1 de Xaneiro de 1929.

¡Ola, meu amor!

Teño tantas cousas que contarche que non sei por onde empezar.

A nosa filla Belén xa comezou a falar e a súa primeira palabra foi “mamá”.
Nese momento enchéronseme os ollos de bágoas e lembrei os teus ollos verdosos e a túa doce mirada

Sempre estou a ensinarlle as túas fotos para que non te esqueza e así cando volvas poida recñecerte. Ó miralas, tamén eu te boto de menos, sinto unha presión no meu corazón pensando que aínda faltan uns meses para o noso reencontro. Dende que te fuches a Sao Paulo, non son o mesmo, ando deprimido por toda a casa e só Belén é capaz de arrincarme algún sorriso.

Acórdaste que me gustaba o cine, pasear pola beira do mar... pois agora xa non me atrae en absoluto, unicamente vou tomar de vez en cando un café ó París, co noso amigo Fernando, mentres Lucía coida da nosa filla.

Desexo que a túa nai se recupere o máis pronto posible para que poidas voltar canto antes. Sei que o seu estado é bastante grave, pero agora a medicina xa avanzou moito, e todo ha de ir ben, ademais ela sempre foi unha muller loitadora.

Respecto á pregunta que me fixeches na túa última carta, xa sabes a resposta: Nunca poderei olvidarte, xa que ti es a única muller que me fixo sentir o que é o verdadeiro amor.

Volta o antes posible que sen ti a vida non ten sentido.

¡¡ Bicos, quérote !!

Xurxo López 4º ESO D 1º premio cartas de amor

A CASA ABANDONADA

Meus pais marcharon de vacacións e deixáronme na casa coa miña avoa porque suspendera varias materias e debía estudar para recuperalas. Una mañá a miña avoa foi comprar a comida e eu aproveitei para saír coa miña mellor amiga Andrea.

Tiñamos tempo, así que decidimos ir investigar a una casa abandonada que se encontra á volta da esquina. Tiña pinta de moi sinistra, e parecía levar deshabitada moitísimos anos. A casa era moi grande e estaba moi vella, pero decidimos entrar. Tiñamos que ir con moito coidado de non caer nos buratos do chan. De súpeto perdín de vista a Andrea. Chameina varias veces pero ela non contestou, e entón decidín ir buscala. Non a atopaba por ningunha parte, ata que cheguei a una habitación cunha grande cheminea. De repente vin un pendente da miña amiga e pensei que estaba alí. Había un sillón moi antigo e cheo de po. Vin que por un brazo saía o pelo de Andrea. Alegreime, pero ao vela deime conta de que estaba morta.

Saín correndo e cheguei ata a miña casa, onde quedara coa miña amiga. Eu estaba moi triste e non sabía o que pasara. Na miña casa era todo normal, menos una cousa: a miña amiga estaba esperándome nas escaleiras.




Memorias do mar

Madrugada, o mar adormecido espertou co seu fulgor:
rumor de olas e feble espuma, raios de lúa bicando o solpor.
Volverán, volverán os barcos somerxidos dos teus soños
e un vento sibilino acompañaráos no seu labor.


Mentres, murmullos de gaivotas rañarán os ceos cincentos,
agarimando as ondas co seu espírito aviador,
e tremerán as follas con laios inaudíbeis
cando a choiva das mañás antergas rompa o seu estupor...


Paraíso perdido nos confíns da terra,
fogar das meigas e trasgos, da choiva perenne e solemne verdor.

Cristina Martínez Alonso 3º B




OS NOSOS DEBUXANTES





Adrián Cuevas 2º Bach. B

LOS DOVS DE SEMPRES



OS QUE SE VAN



2ºA



2ºB



2ºC




2º D



1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 7º...





O NOSO MUNDO E O INSTI

As Olimpíadas

Como todos sabedes este ano vanse celebrar en China os Xogos Olímpicos. Nós aquí no insti xa temos unha gañadora: Helena Alonso (2º Bach. A) viaxará á India o vindeiro mes de xuño para participar na fase internacional das Olimpíadas de Bioloxía, despois de superar a fase galega e a estatal en Gran Canaria.



Rallyes

Dicir que Carlos Saínz gañou moitos rallyes co seu bólido non é nada novo. Tampouco é novo dicir que un grupo do instituto, neste caso 3º ESO E, volveu gañar o Rallye Matemático e viaxará a Francia no mes de maio para disputar a fase final.



i E gañaron en Toulouse!

Motociclismo

Moitos son os nomes que se poderían citar neste deporte: Bautista, Lorenzo, Pedrosa... Agora mirade estas fotos e veredes que o deporte das motos tamén é moi popular no noso Centro.



Óscars

Aínda non chegou a Hollywood pero quen sabe... A nosa alumna Iris Darriba (2º Bach. B) creou una curtametraxe para acompañar un concerto didáctico da Orquesta Sinfónica de **A Coruña/Galicia



Tamén hai premios Nobel, pero nós temos a Damián Perdiz (2º Bach. A) que levou o premio de Física Einstein, Gabriel Rodríguez e Vanesa Barrero (4º ESO C) e José Miguel Diéguez (4º ESO B) demostraron o seu dominio deletreando en inglés e tamén acadaron premios. En fin, que este curso os xornais falaron moito deste instituto.

¿ Sabías que...

Ø O IES Alexandre Bóveda ten 640 alumnos/as?

Ø Os cursos que temos están distribuídos así:

- o 1º ESO 5 grupos
- o 2º ESO 5 grupos
- o 3º ESO 5 grupos
- o 4º ESO 4 grupos
- o 1º BACH. 4 grupos
- o 2º BACH. 4 grupos

Ø Hai 70 profesores/as distribuídos así:

- o Ciencias 6
- o Debuxo 3
- o Educación Física 3
- o Filosofía 3
- o Física e Química 3
- o Francés 3
- o Inglés 7
- o Latín e Grego 2
- o Lingua Castelá 6

- o Lingua Galega 6
- o Matemáticas 9
- o Música 2
- o Pedagogía e Orientación 4
- o Relixión 2
- o Tecnoloxía 3
- o Xeografía e Historia 7

Ø Neste momento temos matriculados 57 alumnos/as nacidos nos seguintes países:

- o Uruguai 12
- o Venezuela 9
- o Colombia 7
- o Arxentina 5
- o China 5
- o Suíza 3
- o Brasil 3

Moldavia, Rusia, Perú, Francia, Holanda, Cuba, Alemaña, Ucraína, Portugal e Paraguai tamén teñen representación no noso alumnado.

INTERTEXTUALIDADE

"Na oficina de obxectos perdidos"

Sechu Sende

- Ola
- Hola
- Dígame...
- Mire, no sé si me pueden ayudar. Yo es que perdí una cosa y quería saber si la puedo recuperar.
- Moi ben, para iso estamos, e que perdeu?
- Yo es que perdí mi lengua.
- Ahá..., pois a ver, dígame, e como era?
- Pues mire, muy parecida a la suya.
- Ah, xa, é que aquí temos moitas así... De feito case todas as linguas perdidas que temos aquí son así. Se me puidese dar máis datos...



O castelán: a lingua que oprime á nosa lingua, que domina unha comunidade que non é a súa, a lingua que pouco a pouco vai gañando terreo e marxina a nosa propia lingua.

Castelán: lingua que sae das nosas bocas galegas, que desde anos atrás invade a nosa lingua coas súas palabras pero que non arrincarás as nosas raíces porque aínda que o **nen**o sexa **niño**, se hai que collelo farémolo no **colo**. Isto foi o que lle pasou ao home do texto e a tantos outros. Perderon as súas palabras galegas por unha lingua que "pinta superior" e así a propia lingua permaneceu calada na rúa, tivo que ser escondida pero, agora, xa non existen cancelas para ela e agora que a nosa lingua recuperou os seus dereitos e conseguiu unha normativa grazas á axuda de verdadeiros galegos e xente verdadeiramente vinculada a Galiza, somos os propios galegos os que a deixamos de lado, aínda que espero que, ao igual que o home do texto pide axuda para recuperar a súa lingua, tamén o fagan as miles de persoas que tamén a perdemos e valoremos a nosa lingua como merece.

Laura Quintas 2º Bach. C

Entrevista a Jose María Cordobés

Ninguén dixo que fóra fácil pero aínda así está conseguido. Esta é a miña primeira entrevista para a nosa revista. Teño ó pracer de estrearme cun invitado que nos vai abrir a súa vida e as súas opinións en temas de interese actual **José María Cordobés Tapia**. O que agora é profesor de Física e Química deste instituto hai anos... foi tamén alumno coma nós.

Estudou Física teórica en Barcelona e Física en Valladolid. Considérase un apaixonado da Física. Era un estudante normal ó que lle encantaba o laboratorio.

Actualmente é director do **Club de Física "Enrico Fermi"**. O obxectivo desta organización é estimular nos alumnos o estudo da carreira de Física, prepararlos para a Olimpíada de Física e participar en concursos.



O mundo de hoxe día a día vai evolucionando favorablemente, xa conseguimos que as persoas homosexuais se poidan casar ¿cre vostede que lles deberían deixar adoptar?

- Entendo o matrimonio como a unión estable dun home e unha muller para formar unha familia. No ámbito idóneo para conseguir a educación dos fillos e o Estado debe protexelo.

*A unión homosexual é outra cousa. Son estériles, por exemplo, os fillos necesitan a complementariedade que existe entre o home e a muller que aínda sendo iguais en moitos aspectos, teñen tamén cualidades diferentes e isto contribúe en gran medida ó crecemento harmónico da personalidade dos que forman a familia. Apelo a miña propia experiencia para xustificar este modo de pensar. Penso tamén que **cando está en xogo a educación dos fillos, non caben experimentos.***

Os adolescentes empezan cada vez antes a saíren pola noite bebendo, drogándose,...esta é unha das causas dos embarazos non desexados ¿que opina sobre isto? ¿que remedio lle poría?

*- Penso con frecuencia nestos modos de evasión da realidade dalgúns mozos a través da bebida, droga, pracer sexual. Reafírmome cada vez máis que **se trata dunha perda do sentido da vida.** A evasión non é nunca unha solución. Hai que descubrir a riqueza da vida, tal e como nos vén dada.*

Non é lóxico que sendo seres racionais, busquemos perder a razón aínda que sexa por uns momentos.

¿Cre vostede que se debe esixir a relixión ou a alternativa como materia obrigatoria? ¿Non sería isto un tema de fóra dun centro de ensinanza?

- A formación ética paréceme de enorme importancia hoxe en día. A ciencia e a técnica avanza e estes avances deben ser postos ó servizo da persoa e non para a súa destrución. Os dereitos da persoa son inviolables. Respectando á persoa, como imaxe de Deus, non caeremos nas redes do relativismo ético, que tantos desastres produciu na historia. Polo tanto, penso que se debe dar Ética ou Relixión. **Os que prefiran relixión xa adquiren a formación ética a través da moral.**

Os alumnos pasamos uns exames para cualificar os nosos coñecementos ¿o profesorado debería pasar anualmente un examen no cal se calificaran as súas facultades para practicar a ensinanza?

- Os profesores xa superaron unhas probas de idoneidade para o exercicio da docencia, establecidas pola Consellería de Educación.

Outra cousa é a formación permanente, da que debe responsabilizarse a Xunta e o profesorado. A Xunta, axudada por tantas organizacións educativas que traballan neste ámbito, debería considerar que toda reforma educativa debe comezar por unha maior atención á formación do profesorado en exercicio. Doutra maneira é ineficaz.

¿Cre vostede que habería algunha vantaxe para os homes nun mundo de igualdade?

- Eu parto da base de que existe unha igualdade esencial entre todas as persoas: igualdade de dereitos, de oportunidades... Pero esta igualdade non quere dicir que non se respecte a diversidade. **Somos iguais e somos diferentes.** Somos diferentes en actitudes, intereses, cualidades diversas... E iso é riqueza, non algo negativo. Un ambiente de liberdade axuda ó desenvolvemento das potencialidades de cada un.

Uxía A. Vieitez.

O Entroido

Esta festa, celébrase todos os anos no instituto Alexandre Bóveda. Este ano, e durante toda a semana de carnaval, o meco dicía o que tiñan que levar:

- un día o pixama
- outro o pelo pintado
- e o terceiro tiñan que ir disfrazados se non querían ter clase.

Nestes últimos anos, a tradición de celebrar o entroido estase perdendo, os rapaces e rapazas xa non se disfrazan coma antes, non poñen o mesmo entusiasmo que hai uns anos.

Organizouse un concurso no patio onde todos podían participar, individualmente ou en grupo. Houbo de todo:

- Avestruces, que foron as gañadoras das parellas.
- Un grupo de médicos, representando a House.
- Unha velliña marchosa.
- Pipis.
- Etc..



Tivemos que meternos dentro do salón de actos por causa da chuvia. Pero a pesar de todo disfrutamos do día.

Espero que esta tradición non se perda porque é unha parte de nós, de Galicia.

Noelia Duarte



Galicia Bilingüe

“No sin la ll”

A organización “Galicia Bilingüe” (Antes chamada “Tan gallego como el gallego”) que ten como lema “Dos linguas, mesmos derechos” é unha plataforma cidadá que se reafirma na idea de que aquí, en Galiza se están a vulnerar os dereitos das persoas castelán falantes e que a lei está a facer que o castelán se converta nunha lingua case marxinal en favor do galego, unha lingua que se volveu opresora e totalitaria. Defenden o dereito dos pais a elixir o idioma no que se vai educar o seu fillo algo aparentemente e según eles, de sentido común. Tamén din que a nova lei que propón impartir o 50% das asignaturas en galego e o 50% restante en castelán, na realidade é unha porta para ir botando fóra da educación ao castelán.

Imos comezar dicindo que a realidade que esta organización pinta é moi distinta da realidade “xeral”. A lingua con máis peso e arraigo entre a xuventude en Galiza é o castelán. E non só na xuventude senón tamén na poboación adulta ata os 50 anos máis ou menos. Por dicilo dalgunha forma, o castelán é a lingua omnipresente en Galiza. Isto débese en parte ao noso pasado, onde a única maneira de ascender socialmente era falando castelán, e a que hoxe en día, os medios de comunicación, a maioría da arte e a cultura e en xeral case toda a sociedade “está” en castelán. A poboación non ten a posibilidade de ver máis dunha canle de televisión en galego, ou de ir ao cine e ver as películas en galego, ou escoitar o estilo musical que lle gusta en galego, etc. Isto fai que o castelán se asente na nosa vida dunha forma irremediable (que non necesariamente ten porque ser negativa). Ante esta situación, paréceme normal e necesario defender e protexer a lingua propia, o galego, xa que por causas históricas, ten todas as de perder.

Paréceme algo hipócrita pola súa parte defender os dereitos dos castelán falantes aos cales supostamente se lles vulnerou algún dereito e non defender ou nin sequera nomear as moreas de casos de discriminación lingüística que se dan hacia os galego falantes. Isto pode deixarse pasar pois polo que sexa chégalles con defender a uns (¿Como era iso? Ah si... “Mismos derechos”).

Con respecto a que a lei é unha porta á substitución do castelán... Que dicir ten. É algo impensable ou ridículo. Aínda que a lei xa está en marcha, en termos xerais (unindo universidades, institutos e escolas) so o 17% das materias se dan realmente en galego pois, aínda que algúns dos libros estean en galego, o que ensina é o profesor. Non é un acto de mala fe por parte deles senón como na maioría da poboación, un acto por costume, unha lingua por costume. Non se discrimina a ningún estudante por falar castelán, e mais, nalguns casos onde o estudante debería falar galego, fala castelán sen maiores repercusións. Non se dá a caza de bruxas da que fala esta organización os cales, dende o meu punto de vista, xogan

coa demagogia e a manipulación da verdade e da realidade para conseguir os seus obxectivos.

E agora chegamos á gran paradoxa que é un dos piares desta organización:

Piden liberdade de elección á hora de elixir a lingua na que os seus fillos van estudar. Pero, ¿Como garantir a liberdade dos estudantes se non se lles ofrece unha educación igualitaria e equilibrada en ámbalas dúas linguas?

Se falamos de liberdade, ¿Por que non reabrir o debate sobre que a educación sexa obrigatoria? ¿Non é esta imposición unha restrición das nosas liberdades?

Para contestar a esta cuestión vou citar a Séneca: "*A sabedoria é a única liberdade posible*". Para poder ser libres e poder pensar por nós mesmos, temos que ter unha educación. ¿Cómo poder xulgar ou decidir sobre aquilo que descoñeces? **¿É verdadeira liberdade de elección actuar desde o descoñecemento ou desde o desequilibrio lingüístico?** A resposta é **Non**, un non rotundo. Nin sequera hoxe somos realmente libres de decidir a lingua que queremos utilizar principalmente na nosa vida pois estamos influídos masivamente polo castelán. O que tratan de facer leis coma a que establece que a metade das materias sexan nunha lingua e a outra metade na outra, non é impoñer unha lingua sobre outra e restrinxir as nosas liberdades senón todo o contrario: Abren unha porta á igualdade e ao equilibrio lingüístico, ofrecen unha posibilidade máis real de ser realmente libres á hora de elixir que lingua preferimos. Este é o deber do goberno: garantir unha formación para todos os seus cidadáns, sen ningún tipo de excepción e polo tanto, de desigualdade ou discriminación. Que consigan chegar a esta citada igualdade e respecto mutuo xa é outra cuestión na que nós podemos participar.

Anímovos a todos a falar o que vos dea a gana pero a que vexades a necesidade de estudar en ámbalas dúas linguas. A fin de contas é un acto de amor propio e de dignidade. Non deixemos que ninguén intente restrinxir a nosa liberdade.

Nicolás Fernández



O Club de lectura:

Por primeira vez no noso instituto, a biblioteca (cada ano máis interesante) creou un Club de Lectura, co obxectivo de facer que esta sexa un compañeiro máis.

Ao primeiro eramos poucos membros pero rapidamente fóronse sumando lectores de primeira ata que tivemos o noso "xenuíno elenco". Tamén contamos coa sempre agradable dirección de Beni e Teresa, moi atentos e cordiais; e Marisa, a nosa mellor colaboradora e tertuliana.

O Club, reuníase na biblioteca no primeiro recreo dos xoves e nesas xuntanzas acordabamos libros e mesmo artigos e relatos que daban pé a debates. A primeira grande novela que puxemos foi *O nome da rosa*. Como Umberto Eco merecía, ocupamos un anaco de tarde para intercambiar opinións e chegamos todos a conclusións moi interesantes e complexas. A raíz destas pequenas actividades logramos obter un premio de 1800€ e ata saímos no Faro de Vigo, isto deunos moitas forzas para continuar.

Máis adiante traballouse con *Cartas de amor* de Fran Alonso. Nesta ocasión a reunión durou máis dunha hora e media, pero aínda poderíamos seguir hoxe alí pois os temas destes relatos desembocan en cuestións de actualidade sobre as cales todos tiñamos algo que dicir. Consequimos que Fran Alonso nos visitara e mantivemos con el un longo coloquio, foi o primeiro escritor que visitaba o instituto dende a creación do Club de Lectura, e todo hai que dicilo, un gran comunicador.

Domingo Villar tamén quixo falarnos do seu libro *Ollos de auga* ambientado nun Vigo que medra cada día e no que un saxofonista aparece morto nun piso da Torre de Toralla... Foi moi galardoado e puidemos comprobar que é ante todo un libro divertido e sorprendente, que garda unhas claves da novela negra que non teñen que envexar nin ao mesmísimo Conan Doyle.



O seguinte obxectivo foi Rosalía de Castro. Durante un tempo preparamos poemas seus, e logo, realizamos a primeira saída coa Rosalía máis íntima como eixe central. Nese día coñecemos os lugares transcendentales na vida da escritora e hai que admitir que foi moi especial para todos nós: O Club de Lectura chegara máis lonxe que nunca!

An Alfaya e a súa *Sombra descalza* foi a derradeira visita que tivemos ata o de agora, e agasallounos coa súa magnífica presenza e o seu talento para o teatro, ata houbo momentos nos que pensamos que estabamos presenciando un monólogo teatral. Foi entretido e ademais moi esclarecedor. An ensinounos algo importante: Hai que ser creativos e deixar renda solta á nosa inventiva.

Este foi o primeiro ano do Club de Lectura, pero esperamos que siga con vida moitos máis. Tamén queremos que a palabra sexa recoñecida como o que é, un vehículo de crecemento moi poderoso. Cada un dos nosos traballos deixounos algo novo; Fran Alonso mostrounos a forza dos libros dentro do seu encomiable labor; Domingo Villar, deixou claro que nunca é tarde e sobre todo que hai que ter perseveranza; e An Alfaya: non hai historias mellores nin peores, todos temos un artista dentro.

¿Acaso non son grandes ensinanzas para un primeiro ano?



Juan Carballo e Pablo Carrera

Viaxe a París

Os alumnos do IES Alexandre Bóveda imos falar da viaxe a Paris que se organizou este ano entre as datas 11 e 16 de marzo. Saímos de Vigo ás 5 da mañá en autobús.

Estabamos cansos pero animados. O autobús ía cheo, xa que este ano moitos alumnos se apuntaron a viaxe. Isto fixo da excursión unha aventura entretida e interesante, que se nos fixo curta.

Esa mesma noite chegamos a Poitiers, onde ceamos e pasamos a primeira noite. Ao día seguinte visitamos Futuroscope. Este lugar estaba repleto de atraccións virtuais, as cales fomos coñecendo coa axuda dun guía que nos ensinou numerosas curiosidades.

Coa fin da nosa estadía en Poitiers, comezamos a nosa visita a París. Tras cear, dirixímonos ao hotel, no que estivemos aloxados durante o resto da viaxe. O xoves foi un día cheo de actividades, xa que visitamos Montmartre. Durante o percorrido pasamos polo Boulevard Clichy, Pigalle onde vimos o Moulin Rouge.

A continuación visitamos o barrio latino, un lugar cheo de maxia e encanto. Posteriormente tras mercar un bocadillo, dirixímonos á catedral de Notre-Dame. Dende o seu campanario puidemos observar unhas magníficas vistas de toda a cidade e o concello que estaba moi preto de alí.



Tras esta visita fomos aos Xardíns de Luxemburgo onde un dos nosos compañeiros, abraiado polo encanto e maxia deste parque se perdeu.

Á súa volta, este rapaz, contounos a súa marabillosa experiencia.

A continuación fixemos un percorrido en barco polo Sena. Xa era de noite, a chuvia enchía de humidade o ambiente e caía sobre os noso rostos mentres a lúa iluminaba o noso traxecto.

Dende o barco puidemos observar desde un punto de vista único a Torre Eiffel xunto a outros fermosos monumentos da cidade.

Para rematar a xornada, fixemos un percorrido en bus por toda a cidade onde contemplamos dunha forma rápida todos os principais monumentos que visitaríamos ao día seguinte.

Ao día seguinte, tras cargar as baterías pola noite, preparámonos para visitar o Louvre. Alí vimos as principais obras recomendadas polos profesores e posteriormente exploramos os rincóns que nos quedaban por coñecer pola nosa conta.

Á saída do museo paseamos dende a Plaza da Concordia ata o Arco do Triunfo pasando polos Campos Elíseos.

Despois, deixáronnos tempo para comer e facer unhas compras ao longo dunha gran rúa chea de tendas na que se podía divisar o Arco do Triunfo nun dos extremos.

Logo fomos ás galerías LaFayette onde quedamos abraiados pola cantidade de artigos que nela puidemos mercar, ademais de contemplar a súa fermosa cúpula que aparece na imaxe.


Para finalizar o día visitamos a Torre Eiffel de noite. A súa fermosura pódese observar na foto que aparece a continuación. Dende a parte superior puidemos observar toda a cidade desde un punto de vista diferente ao anterior.

O sábado fomos a Disney onde pasamos o día enteiro e puidemos disfrutar das atraccións, con numerosas colas; comemos nos restaurantes típicos onde un grupo de música amenizaba o noso xantar.

Despois de xantar seguimos montando nas atraccións, presenciamos o desfile e as carrozas que tivo a súa saída dende o castelo da Bela Durmente ata a avenida principal. Ceamos no parque e máis tarde volvemos para o autobús, que nos levou ata o hotel onde pasamos a última e a mellor noite, pero á súa vez a peor porque era a derradeira en París.

O último día foi o retorno a Galicia en avión.

A viaxe resultou ser un boa experiencia que non só foi interesante para os alumnos....



Noticias da biblioteca

A nosa biblioteca non deixa de estar de actualidade. Benigno e o seu equipo veñen de acadar diferentes premios que acreditan a calidade do traballo da biblioteca.

Club de lectura, exposicións, libro do mes, olimpiada do saber, animación á lectura, visitas de escritores, rutas literarias...

Se queredes saber máis e participar nese marabilloso mundo da palabra entra en: <http://biblioboveda.blogspot.com>

Este ano visitaron o noso centro: Fran Alonso, Domingo Villar, An Alfaya e Bieito Ledo (editor).



DOMINGO VILLAR



FRAN ALONSO



BIEITO LEDO



AN ALFAYA

EXCURSIONS



MAGOSTO

ANDORRA



PARÍS



RAFTING NO MIÑO



RAFTING NO MIÑO

LETRAS GALEGAS

Gran concerto de Tradurbán no Instituto

O día 13 de maio e dentro das actividades das letras galegas, o grupo de música tradicional Tradurbán deu un concerto didáctico no Instituto.

O salón de actos resultou pequeno xa que todos querían asistir pero o aforo é limitado, e abofé que os que asistiron pasaron unhas horas estupendas coa música deste grupo. Os músicos non se limitaron a tocar senón que mostraron os instrumentos ao alumnado (algunha rapaza tocou a zanfona por primeira vez) e mesmo convidaron a subir ao escenario a tocar con eles a diferentes alumnos que viviron unha experiencia inesquecible.

A festa rematou bailando todos xuntos unhas pezas.

¡Quedamos con ganas de repetir!

Felicidades e agradecemento a Tradurbán e ao Concello por permitirnos gozar desta actuación.





Besbello saltón